

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2012**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA (Incorpórase á sesión no punto número 8/617), DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 17 de outubro de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a desestimar a petición formulada de silencio administrativo, para a modificación de edificio para centro comercial con licenza número 1290/2007, sito na rúa Orquídea, Sector Norte H-, fase 1.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento das parcelas matrices 439 e 440 do polígono 336 en cinco parcelas, sitas en solo rústico, en Torible; para a construción de garaxe vinculado a vivenda, con licenza número 1186/03, en Cardelle, número 37, parroquia de San Xoán de Tirimo e para a legalización de planta alta en nave industrial sen uso definido, con licenza número 96/93, sito na rúa dos Carpinteiros, número 9, nave 6.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**2. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito ao Servizo de Actas e Goberno e a aprobación da forma de compensación.

**ACTAS E GOBERNO**

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg44.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-10-2012

**3. SECCIÓN DE POLICÍA, TRÁFICO E TRANSPORTES.-** Acórdase a modificación das tarifas de autotaxi para o ano 2013.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase estimar o recurso de reposición interposto contra a liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 12 de setembro de 2012, xirada ao seu nome en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, pola licenza para parcelamento da parcela matriz 92, polígono 503, sita en Maira - Camoira, por importe total de 4.018,75 €, por tratarse dun predio cualificado como solo rústico polo Enxeñeiro Técnico Municipal.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto de modificación e actualización das Ordenanzas Fiscais e da implantación e ordenación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos e utilización da galería de tiro instalada no edificio sede da Policía Local.

**5. CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E ORIENTACIÓN.- LABORAL.-** Apróbase o acordo relativa ao cambio do nome do CEIP Menéndez y Pelayo, polo de CEIP Menéndez Pelayo.

Lugo, 24 de outubro de 2012  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García